

# DÉIXAME SAÍR

[Jordan Peele, 2017]

# 235

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2017 | V.O.S.E. | +16

*Get Out* (2017, 103')

**Dirección:** Jordan Peele

**Guión:** Jordan Peele

**Elenco:** Daniel Kaluuya, Bradley Whitford, Allison Williams, Catherine Keener, Betty Gabriel, Caleb Landry Jones, Lyle Brocato

**Son:** Jeffree Bloomer

**Montaxe:** Gregory Plotkin

**Dirección de arte:** Chris Craine

**Vestiario:** Nadine Haders

**Fotografía:** Toby Oliver

**Produtoras:** Blumhouse Productions, QC Entertainment (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Universal

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idiomas orixinais:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Premios MTV (nomeado a mellor filme do ano, mellor actor –Daniel Kaluuya–, mellor actuación de comedia –LilRel Howery– e 4 categorías máis)

«A auténtica estrela do filme é o escritor-director Jordan Peele, que creou unha obra que aborda desde múltiples niveis o racismo, rende homenaxe a algúns clásicos do cinema de terror e descobre o seu propio camiño creativo»

Richard Roeper, CHICAGO SUN

## SINOPSE

Chris é un mozo afroamericano que sae cunha moza branca, Rose. El séntese algo incómodo, xa que ela o convida a realizar una fuxida de fin de semana ao norte canda os seus pais, Missy e Dean, que descoñecen a súa raza. Ao principio, Chris sorpréndese do gran carácter servicial de seus sogros, pero a medida que avanza a fin de semana, unha serie de inquietantes descubrimentos lévano a coñecer unha realidade que nunca tería imaxinado.



## “Quixen alertar sobre a falta de conciencia fronte a cuestión racial”

Entrevista a Jordan Peele

Por Jason Zinoman

**Que teñen en común o cinema de terror e a comedia?** Nas mellores películas de comedia e de terror un sente que hai unha relación coa realidade. Tes un par de regras que che fan rir ou sentir medo, mais o mundo que as rodea é real. Sentín que todo o que aprendera na comedia podía aplicarse a este filme.

**Mais se segues as regras ao pé da letra, como consegues que o terror se convirta en comedia?** No cinema de terror, cando algún elemento se sae do que se supón que ten que ser perdes espectadores. Con *Déixame saír* o único que precisaban ser verosímiles eran as intencións do protagonista. Por que segue aí. Seguí o modelo de *La semilla del diablo* (Roman Polanski, 1968) e *Las esposas de Stepford* (Bryan Forbes, 1975), cun personaxe que vai entrando pouco a pouco nunha especie de loucura, mentres se xustifica a si mesmo por non liscar do lugar.

**Ira Levin, que escribiu os libros nos que se basean esas dúas películas, facía que o lector se cuestionase sobre a paranoia do protagonista.** Eu empreguei exactamente o mesmo sistema. O filme trata sobre a maneira

en que nos enfrontamos á cuestión racial. Como home negro, moitas veces non acerto a saber se no que vexo hai algunha discriminación subxacente ou se, pola contra, é unha conversa normal e eu son o paranoico. Esta dinámica é de seu perturbadora. Admito que ás veces vexo a raza e o racismo onde non o hai. Pode chegar a desorientar o feito de estar demasiado alerta a certas dinámicas.

**Medraches no Upper West Side [barrio situado ao noroeste de Manhattan] e traballaches en comedias de improvisación, ambos contextos maioritariamente brancos. Déixame saír vai de ser negro nun mundo branco. Coincidencia?** Para nada. Os negros que queremos facer comedia dedicámonos por primeiro aos monólogos, onde os nosos herores abriron moitas portas por nós. Mais tampouco temos tantos casos nos que nos ollar. A experiencia de Chris é moi próxima á miña.

**Tamén tiveches algunha experiencia similar á do rapaz que vai visitar os pais da moza?** Lembro que tiven unha moza caucásica hai anos e que lle preguntei especificamente se seus pais sabían que eu era negro. Ela dixo que non e eu asusteime. Ao final todo saíu ben, por sorte.

**O recordo máis infeliz de Chris é cando estaba a ver a televisión de neno no canto de acompañar a nai nun momento crítico. Tentaches representar a televisión como fonte dun problema?** É unha metáfora da súa pasividade, e o seu sentimento de culpa por ter descoidado a familia. O problema

da industria do entretemento non é exclusivo da experiencia afroamericana senón un síntoma dun problema máis profundo e xeral. Quería facer un filme que alertase sobre a falta de conciencia e a pasividade fronte a cuestión racial. No proceso tamén tentei ofrecer un filme de terror para todos os públicos, mais especialmente para o público negro, que é moi leal a este xénero. Ollamos estes filmes, berramos *déixame saír* («Get out») en cuartos escuros a unha pantalla que non nos responde. É un símbolo da parálise que nos impide reaccionar.

**La noche de los muertos vivientes (George A. Romero, 1968) é un dos poucos clásicos do cinema terror que ten tratado a cuestión racial se ben o seu director dixo que non era a súa intención.** Creo parcialmente a Romero pero, mesmo se é verdade, a maneira en que o filme trata a raza é esencial para enxergar a súa grandeza. Todas as normas sociais se veñen abaixo cando isto sucede e vemos un home negro atrapado nunha casa cunha muller branca aterrorizada. Mais non se sabe con certeza se o seu pánico se debe aos monstros que rodean a casa ou á presenza do heroe negro.

**Pódese emparellar este filme de 1968 co personaxe de Chris?** Poderíase escribir un ensaio sobre como o protagonista de *La noche de los muertos vivientes* é un home vivente cun medo constante. Chris na súa paranoia racial, ten uns medos dos que carecería se fose un mozo branco. Hai elementos comúns desde logo.

Publicado en [www.nytimes.com/](http://www.nytimes.com/)  
Tradución: Xan Gómez Vías

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

